

BEB/sml/hbr

BASES REGULADORAS E CONVOCATORIA DA OITAVA EDICIÓN DOS PREMIOS PROVINCIAIS Á XUVENTUDE, ANO 2024

A Deputación de Pontevedra, a través do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico, convoca anualmente os Premios Provinciais á Xuventude coa finalidade de promover o talento e o potencial da xuventude da nosa provincia. Desta forma, preténdese estimular e recoñecer a traxectoria, o esforzo e o compromiso daquelas mozas e mozos que desenvolvan un labor relevante nos distintos ámbitos obxecto desta convocatoria.

Deste xeito, a Deputación de Pontevedra, consciente da importancia de recoñecer e valorar publicamente os méritos excepcionais baseados no esforzo da xuventude da provincia de Pontevedra, convoca a oitava edición destes premios, xa asentados na nosa provincia, como demostra o aumento da participación da mocidade ao longo das últimas edicións —con preto de cen iniciativas na última convocatoria—, e nos que houbo unha alta participación na categoría de “Investigación”, incluída por segundo ano consecutivo.

Estes datos mostran o interese público desta iniciativa e referendan o compromiso desta institución de prestarlle apoio á xuventude e fomentar que se continúe poñendo en valor o seu compromiso coa cultura, coas ciencias, coas investigacións, coa iniciativa empresarial, coas artes ou coa loita contra o cambio climático.

A convocatoria de premios supón o exercicio por parte da Deputación de Pontevedra dunha actividade de promoción sociocultural da mocidade a través da cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas previsións do artigo 36.1.d) da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases de réxime local (LRBRL).

Nesta liña, no artigo 109.d) da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, establécese que serán competencias propias das deputacións provinciais as que baixo este concepto se lles atribúan nas leis e, en calquera caso, entre outras, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia. Do mesmo xeito, no artigo 118.d) desta mesma lei, dispónse que é competencia das deputacións provinciais a organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade cuxa finalidade sexa o fomento da cultura; neste senso, convócanse estes premios co fin de promover a participación da xuventude da provincia de Pontevedra.

Pola súa banda, a Lei 6/2016, de 4 de maio, da economía social de Galicia, a través dunha regulación común aplicable ao conxunto das entidades que a integran, ten por finalidade recoñecer, fomentar e impulsar as devanditas entidades para o eficaz cumprimento dos fins económicos e sociais que lle son propios, potenciando a súa presenza, crecemento e influencia en todos os ámbitos da acción social, económica e empresarial, así como o establecemento de mecanismos para a súa organización e coordinación.

Por todo o exposto, ao abeiro do establecido na Lei 38/2003, de 17 de novembro, xeral de subvencións (LXS), na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas (LPACAP), na Ordenanza reguladora de subvencións da Deputación de Pontevedra e na demais normativa aplicable, convócase esta liña de subvencións, de acordo coas seguintes

BASES REGULADORAS

Primeira. Obxecto

Constitúe o obxecto destas bases aprobar e regular a convocatoria pola que se rexen as solicitudes de participación na oitava edición dos Premios Provinciais á Xuventude, que teñen como fin promover e apoiar o seu talento e potencial, nas categorías recollidas na base segunda.

A participación nesta convocatoria efectuarase en réxime de concorrencia competitiva, de acordo cos principios de publicidade, transparencia, obxectividade, igualdade e non discriminación, así como os de eficacia no cumprimento dos obxectivos fixados e de eficiencia na asignación e no uso dos recursos públicos.

Segunda. Categorías e premios

Os premios que se convocan están dotados cun importe total de trinta e seis mil (36.000,00) euros, que, segundo a categoría, se distribuirán do seguinte xeito:

1. Proxectos de agrupacións estudiantís: 2.000,00 euros

- Primeiro premio: 1.000,00 euros
- Segundo premio: 600,00 euros
- Terceiro premio: 400,00 euros

2. Iniciativa empresarial: 4.000,00 euros

- Primeiro premio: 2.000,00 euros
- Segundo premio: 1.250,00 euros
- Terceiro premio: 750,00 euros

3. Educación en valores: 2.000,00 euros

- Primeiro premio: 1.000,00 euros
- Segundo premio: 600,00 euros
- Terceiro premio: 400,00 euros

Nesta categoría o importe do premio deberá destinarse na súa totalidade á adquisición de material, a saídas educativas, a proxectos escolares, a bolsas para o alumnado ou a calquera outra actividade que teña relación directa coa programación do centro.

4. Investigación: 8.000,00 euros

4.1. Subcategoría. Ciencias, arquitectura e enxeñería:

- Primeiro premio: 2.000,00 euros
- Segundo premio: 1.250,00 euros
- Terceiro premio: 750,00 euros

4.2. Subcategoría. Artes, humanidades e ciencias sociais e xurídicas:

- Primeiro premio: 2.000,00 euros
- Segundo premio: 1.250,00 euros
- Terceiro premio: 750,00 euros

5. Contido audiovisual: 2.000,00 euros

- Primeiro premio: 1.000,00 euros
- Segundo premio: 600,00 euros
- Terceiro premio: 400,00 euros

6. Traballo musical: 4.000,00 euros

6.1. Música clásica: 2.000,00 euros

- Primeiro premio: 1.000,00 euros
- Segundo premio: 600,00 euros
- Terceiro premio: 400,00 euros

6.2. Outros xéneros: 2.000,00 euros

- Primeiro premio: 1.000,00 euros
- Segundo premio: 600,00 euros
- Terceiro premio: 400,00 euros

7. Traballo literario breve: 4.000,00 euros

7.1 Narrativa: 2.000,00 euros

- Primeiro premio: 1.000,00 euros
- Segundo premio: 600,00 euros
- Terceiro premio: 400,00 euros

7.2 Poesía: 2.000,00 euros

- Primeiro premio: 1.000,00 euros
- Segundo premio: 600,00 euros
- Terceiro premio: 400,00 euros

8. Banda deseñada: 2.000,00 euros

- Primeiro premio: 1.000,00 euros
- Segundo premio: 600,00 euros
- Terceiro premio: 400,00 euros

9. Fotografía orixinal: 4.000,00 euros

9.1 Serie fotográfica: 2.000,00 euros

- Primeiro premio: 1.000,00 euros
- Segundo premio: 600,00 euros
- Terceiro premio: 400,00 euros

9.2 Fotografía: 2.000,00 euros

- Primeiro premio: 1.000,00 euros
- Segundo premio: 600,00 euros
- Terceiro premio: 400,00 euros

10. Deseño e moda: 2.000,00 euros

- Primeiro premio: 1.000,00 euros
- Segundo premio: 600,00 euros
- Terceiro premio: 400,00 euros

11. Reacción polo clima: 2.000,00 euros

- Primeiro premio: 1.000,00 euros
- Segundo premio: 600,00 euros
- Terceiro premio: 400,00 euros

Terceira. Persoas destinatarias e requisitos

3.1. Poderán optar a estes premios as persoas físicas e xurídicas que cumpran os seguintes requisitos, segundo a categoría do premio na que participen:

a) Categorías 4, 5, 6, 7, 8, 9 e 10

Están dirixidas a mozas e mozos con idades comprendidas entre os 16 e 35 anos na data de presentación de solicitudes que estean empadroados en calquera dos concellos da provincia de Pontevedra.

b) Categoría 1, proxectos de agrupacións estudantís

Está dirixida a persoas físicas, mozas e mozos de entre 16 e 35 anos na data de presentación de solicitudes, que estean empadroados nalgún concello da provincia de Pontevedra, así como a algunha das seguintes clases de persoas xurídicas:

- **Agrupacións estudantís**
 - Que estean legalmente constituídas e inscritas no rexistro de entidades correspondente.
 - Que teñan a súa sede social nalgún concello da provincia de Pontevedra.
 - Nas que polo menos un 75 % das persoas da entidade que desenvolva o proxecto social sexan persoas físicas con idades comprendidas entre os 16 e os 35 anos.
- Centros educativos de carácter público nos que o alumnado teña entre 12 e 18 anos.

c) Categoría 2, iniciativa empresarial. Está dirixida a:

- **Persoas físicas**
 - Mozas e mozos de entre 16 e 35 anos na data de presentación de solicitudes que estean empadroados en calquera dos concellos da provincia de Pontevedra.
 - Que estean dadas de alta no Réxime Especial de Traballadores por Conta Propia ou Autónomos (RETA), cunha antigüidade mínima dun mes antes da data de publicación destas bases.
- **Persoas xurídicas**
 - Que teñan a sede social na provincia de Pontevedra.
 - Nas que polo menos o 75 % dos membros da xunta directiva ou das administradoras e/ou administradores sexan persoas físicas con idades comprendidas entre os 16 e os 35 anos.
 - Que estean legalmente constituídas e inscritas no rexistro público correspondente.
 - Cuxo proxecto leve en funcionamento polo menos un mes no momento da convocatoria destes premios.

d) Na categoría 3, educación en valores, unicamente poden participar:

- Centros públicos de educación secundaria da provincia de Pontevedra en cuxos proxectos participen alumnas e alumnos de entre 12 e 18 anos.

e) Na categoría 6, no caso de que se trate dun grupo musical:

- Que as persoas que o integren teñan idades comprendidas entre os 16 e os 35 anos (admitirase a inscrición de grupos nos que polo menos o 75 % dos seus membros cumpra este requisito).
- Que polo menos o 75 % das persoas que o integren estean empadroadas na provincia de Pontevedra.

f) Na categoría 11, reacción polo clima:

- **Persoas físicas:** mozas e mozos de idades comprendidas entre os 16 e os 35 anos na data de presentación de solicitudes que estean empadroados nalgún concello da provincia de Pontevedra.
- **Persoas xurídicas**
 - Entidades de iniciativa social legalmente constituídas e inscritas no rexistro de entidades correspondente, con sede social na provincia de Pontevedra, nas que polo menos un 75 % dos membros da entidade que desenvolva o proxecto social sexan persoas físicas de entre 16 e 35 anos.
 - Centros de educación secundaria da provincia de Pontevedra en cuxos proxectos participen alumnas e alumnos de idades comprendidas entre os 12 e os 18 anos.

Cuarta. Financiamento

A contía consignada para estes premios ascende a trinta e seis mil (36.000,00) euros, con cargo á aplicación 24/233.2310.481.01 do Orzamento provincial.

Quinta. Prazo, lugar e requisitos de presentación de solicitudes

5.1 O prazo de presentación das solicitudes e da documentación complementaria será de dous (2) meses, contados a partir do día seguinte ao da publicación desta convocatoria na Base de Datos Nacional de Subvencións (BDNS) e do seu extracto no *Boletín Oficial da Provincia de Pontevedra* (BOPPO).

5.2. As persoas interesadas en participar deberán preinscribirse, preferiblemente por medios electrónicos, a través do formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra (<https://sede.depo.gal>).

Cada solicitude incluíra un código único de preinscrición e admitirase só unha solicitude por persoa en cada categoría. Esta deberá ir acompañada da documentación complementaria sinalada na base sexta.

5.3 Para a presentación das solicitudes, a Sede electrónica da Deputación de Pontevedra admite os certificados electrónicos do sistema Cl@ve, que contempla a utilización de sistemas de identificación baseados en claves concertadas (sistemas de usuario e contrasinal) e certificados electrónicos (incluído o DNIe).

Opcionalmente, as solicitudes poderán presentarse presencialmente en calquera dos lugares e dos rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común mediante o formulario normalizado dispoñible na Sede electrónica da Deputación de Pontevedra. Unha vez cuberto, xerárase a solicitude en formato PDF, que se deberá imprimir e asinar para a súa presentación presencial, excepto as persoas participantes que teñan a obriga de relacionarse coas administracións públicas por medios electrónicos, as cales deberán empregar unicamente ese medio, tal e como se dispón no artigo 14.2 da LPACAP.

No caso de que algunha das persoas interesadas obrigadas a relacionarse electronicamente coas administracións públicas presentase a solicitude e a documentación complementaria presencialmente, requiriráselle que a emende a través da súa presentación electrónica.

5.4. As persoas interesadas responsabilizaranse da veracidade dos datos e dos documentos que presenten.

Excepcionalmente, cando a relevancia do documento no procedemento o esixa ou existan dúbidas derivadas da calidade da copia, esta institución poderá requirir a exhibición do documento ou información orixinais para cotexalos coas copias achegadas pola persoa interesada.

5.5 A presentación das solicitudes de participación supón a aceptación incondicional destas bases.

Sexta. Documentación complementaria

As persoas interesadas deberán entregar, xunto coa solicitude, a seguinte documentación complementaria, segundo corresponda:

a) Para **todas as categorías** en xeral:

1. De ser o caso, acreditación da representación da persoa representante das persoas físicas participantes, mediante a presentación dunha autorización debidamente asinada por ambas as persoas.

2. No caso das persoas xurídicas, esixírase a autorización, só no suposto de non empregar o certificado cualificado de representante. No seu defecto, deberán achegarse, xunto coa solicitude, os estatutos da entidade ou unha copia íntegra da acta de constitución ou renovación da xunta directiva na que conste a relación dos seus membros, ou copia da escritura pública na que figure o nomeamento como representante legal da persoa xurídica.

b) Se se opta á categoría 6, **traballo musical para grupos**: modelo normalizado de autorización para a comprobación de datos (anexo II), debidamente cuberto e asinado por todas as persoas integrantes do grupo.

c) As persoas xurídicas deberán achegar en calquera das categorías nas que estea permitida a súa participación:

- Modelo normalizado de autorización para a comprobación de datos (anexo II), debidamente cuberto e asinado por todos os membros da xunta directiva e/ou polo equipo que desenvolva o proxecto.
- Copia dos estatutos ou da escritura de constitución inscritos no rexistro mercantil ou no que no seu caso corresponda, salvo que teñan a obriga de presentar esta documentación para acreditar a representación, tal e como se dispón no punto 2 do apartado a) desta base.

Sétima. Comprobación de datos

7.1. Para a tramitación deste procedemento consultarase automaticamente os datos incluídos nos seguintes documentos, elaborados polas administracións públicas:

- NIF das persoas físicas ou xurídicas solicitantes
- NIF das persoas representantes, no seu caso
- Certificado de residencia das persoas físicas solicitantes
- Domicilio fiscal, no caso das persoas xurídicas
- Consulta da vida laboral dos últimos 12 meses, para as persoas físicas que opten á categoría 2 (iniciativa empresarial)
- Certificación de que as persoas, entidades ou empresas participantes estean ao corrente das súas obrigas coa Axencia Estatal Tributaria, coa Facenda autonómica, coa Seguridade Social e coa Deputación de Pontevedra

7.2. Se as persoas interesadas se opuxesen ás devanditas consultas, deberán indicalo no cadro habilitado no formulario de inicio e achegar os documentos correspondentes.

7.3 Excepcionalmente, no caso de que algunha circunstancia imposibilitase obter estes datos, poderáselles solicitar ás persoas interesadas que presenten os documentos correspondentes.

Oitava. Trámites administrativos posteriores á presentación de solicitudes e emenda destas

8.1. Todos os trámites administrativos que as persoas interesadas deban realizar durante a tramitación deste procedemento faranse preferentemente por medios electrónicos a través do modelo "2887054 Trámites administrativos xenéricos distintos da solicitude", dispoñible en <https://sede.depo.gal>.

Opcionalmente, tamén se poderán tramitar presencialmente en calquera dos lugares e dos rexistros establecidos na normativa reguladora do procedemento administrativo común, agás nos supostos do artigo 14.3 da LPACAP.

8.2. A Sede electrónica ten dispoñibles unha serie de modelos xenéricos que as persoas interesadas poden utilizar para realizar as xestións máis habituais durante a tramitación administrativa (representación, emenda da solicitude, alegacións, renuncia ou recursos, entre outros). Estes modelos son comúns para os distintos procedementos e poderán empregarse sempre que a normativa reguladora do procedemento concreto para o que se vaian utilizar non estableza outros modelos específicos. Os modelos xenéricos poderán descargarse para anexalos a unha solicitude ou para realizar trámites sobre outros expedientes e presentalos electrónica ou presencialmente segundo a normativa reguladora do procedemento do que se trate.

No formulario deberá indicarse, no seu caso, o procedemento para o que se efectúa o trámite. Os modelos están dispoñibles en: <https://sede.depo.gal/web/public/dynamic/catalogo/tramitesxenericos>.

8.3. Se a solicitude non reunise os datos esixidos na convocatoria ou calquera dos previstos no artigo 66 da LPACAP, requiriráselle á persoa interesada que, de conformidade co establecido no artigo 68 desta lei, nun prazo de dez (10) días hábiles, emende as faltas ou presente os documentos preceptivos, e indicaráse que, se non o fai, se terá por desistida a súa solicitude, previa resolución que deberá ditarse nos termos previstos no artigo 21 da LPACAP.

Novena. Presentación dos proxectos

9.1. Co fin de garantir o anonimato das persoas interesadas nas categorías nas que así se esixe, os proxectos presentaranse nunha fase posterior á de presentación das solicitudes.

9.2. Recibida a solicitude de preinscrición no Servizo de Xuventude e Reto Demográfico, e previa comprobación de que reúne os requisitos esixidos, enviaráselles ás e aos participantes un correo electrónico no que se lles indicará a validación da solicitude e o código único asignado ao seu proxecto, así como, de ser o caso, o modelo anónimo necesario para a presentación do proxecto segundo o previsto no seguinte punto.

9.3. A persoa solicitante deberá entregar o proxecto nunha oficina con funcións de rexistro da Deputación de Pontevedra (Rexistro Xeral da institución en Pontevedra, Rexistro da Sede de Vigo ou oficinas do ORAL, que se poden consultar en <https://www.depo.gal/es/oficinas-de-rexistro>), nun sobre

pechado e xunto co modelo de presentación recibido por correo electrónico debidamente cuberto, no que debe constar a seguinte información:

- A categoría do premio ao que opta e, no seu caso, a subcategoría
- O título da obra
- O código do proxecto

9.4. O prazo para presentar os proxectos rematará o **19 agosto de 2024**.

9.5. O Servizo de Novas Tecnoloxías da Deputación de Pontevedra custodiará o emparellamento do código de preinscrición co código xerado unha vez validada a solicitude ata que se coñeza o ditame do xurado, momento no que se realizará o dobre emparellamento de códigos e se coñecerá a autoría dos traballos premiados.

Décima. Características dos proxectos

10.1. As persoas participantes poderán concursar nunha ou en varias categorías cun proxecto en cada unha delas.

10.2. Un mesmo proxecto non poderá optar a máis dunha categoría; de darse o caso, quedará automaticamente excluído de ambas as categorías.

10.3. Os proxectos ou os traballos presentados deberán ser orixinais; entenderase por traballo ou proxecto orixinal aquel que non fose copiado, reproducido nin imitado, en todo ou en parte, doutro anterior.

10.4. Os proxectos presentados ás categorías traballo musical, traballo literario, banda deseñada, fotografía, e deseño e moda deberán ser inéditos; é dicir, que non fosen previamente publicados ou non se desen a coñecer ao público.

10.5. Non se poderán presentar traballos que, aínda que reúnan a condición anterior, xa se presentasen total ou parcialmente en anteriores edicións destes premios; nese suposto, quedarán automaticamente excluídos.

10.6. Toda a información, os documentos, os datos, a memoria ou o proxecto, entre outros, que se presenten en papel deberán entregarse tamén obrigatoriamente nun soporte USB, o cal, unha vez resolto o concurso, se lles devolverá ás persoas interesadas previa solicitude.

10.7. Os proxectos presentaranse de forma totalmente anónima (sen sinaturas, enlaces a contas en redes sociais, marcas ou calquera outro dato que permita a súa identificación) e axustaranse ás características establecidas nas bases específicas de cada unha delas en función da categoría do premio ao que se opte.

As categorías 1 Proxectos de agrupacións estudiantís, 2 Iniciativa empresarial, 3 Educación en valores, 4 Investigación, 5 Contido audiovisual e 11 Reacción polo clima, cando fosen presentados por un centro escolar, estarán exentas do primeiro dos requisitos indicados neste parágrafo.

10.8. As persoas participantes eximen a institución provincial de toda responsabilidade derivada do plaxio ou de calquera outro incumprimento ou infracción da lexislación vixente en materia de propiedade intelectual na que puidesen incorrer.

Décimo primeira. Proxectos excluídos

Quedan excluídos do concurso:

- Os proxectos das persoas que non cumpran os requisitos establecidos na base terceira
- Os proxectos premiados en edicións anteriores dos Premios Provinciais á Xuventude ou noutros concursos ou certames convocados pola Deputación de Pontevedra
- Os proxectos presentados a máis dunha categoría nesta edición
- Os proxectos que non sexan orixinais e inéditos
- Todas as solicitudes e proxectos cuxa forma de presentación non se axuste ao establecido nestas bases, ou as solicitudes que non presentasen o correspondente proxecto dentro do prazo establecido
- Os proxectos presentados que non reúnan as características establecidas para cada categoría nas bases específicas
- Os proxectos que deban ser anónimos segundo o establecido nestas bases e conteñan algún tipo de sinatura, dato ou referencia que permita identificar a súa autoría.

Décimo segunda. Xurado

12.1. A selección e a concesión dos premios obxecto desta convocatoria realizaranse segundo a proposta dun xurado nomeado polo presidente da Deputación ou pola deputada ou deputado en quen delegue.

12.2. O xurado estará integrado por representantes da Deputación e por profesionais externas e externos en cada unha das categorías dos premios, que axustarán a súa actuación ao disposto para os órganos colexiados na Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público (LRXSP).

12.3. O xurado poderá declarar deserto calquera dos premios se considera que ningún dos traballos presentados ao concurso reúne os méritos suficientes para ser premiado. Así mesmo, tamén poderá declarar que se outorguen premios *ex aequo* e dividir o importe correspondente entre os proxectos gañadores, salvo que se poidan destinar remanentes doutras categorías que quedasen desertas.

12.4. Na composición do xurado procurarase que haxa unha presenza equilibrada de mulleres e homes. Esta composición farase pública na páxina web da Deputación de Pontevedra (www.depo.gal) tras rematar o prazo de presentación de proxectos.

12.5. Os membros do xurado percibirán os gastos de desprazamento que legalmente puidesen corresponderlles, se así o solicitan, os cales se estiman nun total de cincocentos (500,00) euros, con cargo á aplicación orzamentaria 24/233.2310.232.03.

12.6. As decisións do xurado son inapelables.

12.7. Unha vez revisadas as solicitudes por parte do Servizo de Xuventude e Reto Demográfico, as que non cumbran os requisitos establecidos nestas bases non se admitirán a trámite e ditarase a oportuna resolución.

Os proxectos das solicitudes que cumbran os requisitos e sexan admitidas remitiráselle ao xurado nomeado en cada categoría, que examinará e valorará as diferentes obras, propondrá a adxudicación dos premios e redactará a proposta de resolución, a cal se recollerá nunha acta.

Décimo terceira. Publicación de actos

A resolución derivada da decisión do xurado publicarase na páxina web da Deputación de Pontevedra (www.depo.gal), unha vez entregados os premios nun acto público, que terá lugar no último trimestre de 2024. Así mesmo, tamén se publicará na BDNS.

Décimo cuarta. Proxectos premiados

14.1. A Deputación comunicarlles ás autoras e autores dos proxectos presentados en cada unha das categorías a data e mais a hora nas que terá lugar o acto público onde se darán a coñecer as persoas gañadoras e se entregarán os premios, co fin de que poidan asistir ou designar a persoa que as representará para recoller o premio no caso de que non puidesen acudir ao acto.

14.2. As persoas participantes aceptan, coa presentación dos seus proxectos a estes premios, colaborar con esta institución nas accións de difusión que se organicen e a cesión dos dereitos de edición á Deputación, que poderá levar a cabo as accións que considere oportunas encamiñadas á súa difusión, pero sempre fará constar a autoría.

14.3. A participación nestes premios provinciais supón, por parte das persoas participantes, a autorización a esta institución para expoñer, reproducir ou publicar as imaxes ou o contido das obras presentadas por calquera medio que se estime oportuno, sen máis limitacións que as derivadas do Real decreto legislativo 1/1996, de 12 de abril, polo que se aproba o Texto refundido da Lei de propiedade intelectual.

14.4. Tras a publicación da resolución derivada da decisión do xurado, procederase á tramitación do recoñecemento da obriga e orde de pago de cada un dos premios. Así mesmo, de acordo co establecido no artigo 101 da Lei 35/2006, de 28 de novembro, do imposto da renda das persoas físicas, a retención que se lles practicará ás e aos premiados que sexan persoas físicas será do 15 % do seu importe.

No suposto de ser menor de idade, a nai, pai ou persoa que exerza a súa titoría legal deberá indicar que autoriza a Deputación a aboar o premio, no caso de que se lle concedese.

Décimo quinta. Proxectos non premiados

A devolución dos proxectos presentados e non premiados efectuarase, a petición das súas autoras ou autores ou das persoas debidamente autorizadas, no prazo máximo dun (1) mes, contado a partir do día seguinte ao da publicación da resolución de concesión.

Unha vez transcorrido ese prazo sen que estes se retirasen, entenderase que as súas autoras ou autores renuncian á súa devolución en favor da Deputación, que poderá destruílos ou darlles o destino que considere máis oportuno.

Para retirar os proxectos, deberá acreditarse a súa titularidade mediante a presentación do DNI ou do NIE. De recollelo unha persoa distinta, esta deberá estar debidamente autorizada pola candidata ou candidato, para o que terá que presentar un escrito de autorización e exhibir o DNI ou NIE de ambas as dúas.

Décimo sexta. Incumprimento das bases

A falsidade nos datos achegados polas persoas participantes no concurso dará lugar á exclusión inmediata do proxecto presentado. Se esta se puxese de manifesto tras a resolución do concurso e o proxecto afectado resultase premiado, o premio obtido quedará sen efecto coa obriga de reintegrarlle o seu importe a esta institución, e devindicaranse os xuros legais que correspondan desde a percepción deste ata reintegralo por completo.

Décimo sétima. Interpretación das bases

Todas as dúbidas que puidesen derivar da interpretación destas bases resolveraaas o Servizo de Xuventude e Reto Demográfico.

En todo o que non estea previsto nestas bases, o xurado queda facultado para resolver as cuestións que se presenten e adoptar os acordos que se estimen necesarios para o efecto.

Décimo oitava. Autorización para a difusión de imaxes

As persoas solicitantes deberán marcar no cadro habilitado no formulario de solicitude se autorizan ou denegan expresamente a toma de imaxes que se poidan realizar no acto de entrega dos premios, que a Deputación de Pontevedra poderá empregar para noticias contidas en publicacións ou xornais e para a divulgación, tanto nos seus portais web coma nas súas redes sociais, co fin de lograr a difusión efectiva deste programa para as vindeiras convocatorias.

Décimo novena. Protección de datos

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de tratamento pola Deputación de Pontevedra, en calidade de órgano responsable, coa finalidade de xestionar este procedemento, verificar

os datos e os documentos que a persoa interesada declare na súa solicitude para comprobar a súa exactitude e levar a cabo todas as actuacións administrativas que, no seu caso, deriven.

A lexitimación para o tratamento baséase no cumprimento dunha tarefa de interese público ou no exercicio de poderes públicos segundo as normas de rango legal recollidas no apartado “normativa aplicable”, dispoñible na ficha de procedemento en <https://sede.depo.gal>, e o consentimento explícito das persoas interesadas.

Os datos persoais obtidos neste procedemento serán obxecto de comunicación ás administracións públicas no exercicio das súas propias competencias ou cando sexa necesario para que a cidadanía poida acceder de forma integral á información relativa a unha materia e ao público xeral dada a publicación de actos prevista.

As persoas interesadas poderán acceder, rectificar e suprimir os seus datos, exercer outros dereitos ou revogar o consentimento segundo o previsto en <https://depo.gal/proteccion-de-datos/exercicio-de-dereitos>.

Vixésima. Réxime xurídico

Esta convocatoria rexeráse por estas bases reguladoras e, supletoriamente, pola demais lexislación aplicable:

- LXS
- LSG
- Ordenanza xeral de subvencións da Deputación de Pontevedra, aprobada polo Pleno da Deputación de Pontevedra na súa sesión ordinaria do 28 de outubro de 2016 e publicada no BOPPO núm. 249, de 30 de decembro de 2016
- LRBRL
- Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia
- Real decreto lexislativo 2/2004, de 5 de marzo, polo que se aproba o Texto refundido da Lei reguladora das facendas locais
- LPACAP
- LRXSP
- Real decreto 203/2021, de 30 de marzo, polo que se aproba o regulamento de actuación e funcionamento do sector público por medios electrónicos
- Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais
- Bases de execución do Orzamento provincial
- Orzamento provincial
- Demais normas de dereito administrativo e, na súa falta, normas de dereito privado

Vixésimo primeira. Recursos

Contra o acordo de aprobación destas bases, que lle pon fin á vía administrativa, poderase interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o mesmo órgano que o ditase, no prazo dun (1) mes a partir do día seguinte ao da súa publicación (artigos 112, 123 e 124 da LPACAP), ou ben, directamente, un recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo de Pontevedra, no prazo de dous (2) meses, segundo o establecido no artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa. Todo isto sen prexuízo de que as persoas interesadas poidan interpoñer calquera outro recurso que estimen pertinente.

BASES ESPECÍFICAS

Primeira. Proxectos de agrupacións estudantís

1.1. Os proxectos que opten a esta categoría deberán ter a súa sede principal de desenvolvemento na provincia de Pontevedra e enmarcarse nun ámbito de enxeñería ou científico-técnico, coa participación activa de estudantes de entre 16 a 35 anos. Os proxectos deberán ter carácter innovador e a agrupación terá que demostrar implicación e compromiso en materia de divulgación, colaboracións internacionais e recoñecementos.

1.2. Cada candidatura deberá presentar preceptivamente en soporte USB:

- Memoria descritiva do proxecto, que terá unha extensión máxima de 10 páxinas a unha soa cara e se axustará, como mínimo, ao seguinte contido:

- Nome da asociación
- Nome do centro ou da entidade onde se desenvolve a iniciativa
- Data de inicio e de fin, se procede
- Descrición, obxecto e fundamentos do proxecto
- Impacto e interese técnico no ámbito local e no internacional
- Recoñecementos
- Colaboracións
- Retorno académico

1.3. Valoraranse diversos aspectos coma o seu carácter innovador e a eficacia na coordinación e colaboración con outras disciplinas. Do mesmo xeito, terase en conta o estado actual do proxecto, os logros alcanzados e as perspectivas futuras. A colaboración con entidades de relevancia internacional, os premios obtidos e o respaldo e a experiencia brindados por profesionais tamén serán criterios avaliábeis. Ademais, examinarase a participación e o impacto do proxecto tanto a nivel local coma internacional, xunto coa súa contribución en termos de divulgación.

Segunda. Iniciativa empresarial

2.1. Cada candidatura deberá presentar preceptivamente en soporte USB:

- Proxecto ou obra polo que se opta ao premio
- Memoria descritiva da iniciativa empresarial posta en marcha, que terá unha extensión máxima de 5 páxinas a unha soa cara e se axustará, como mínimo, ao seguinte contido:

- Nome da empresa ou do proxecto empresarial
- Data de constitución ou de creación
- Descrición da actividade empresarial
- Descrición dos produtos ou dos servizos ofertados
- Resultados obtidos ou primeiros datos de facturación

- Relación das evidencias que se achegan (memoria de execución, fotografías, recortes de prensa ou documentos, entre outros)

2.2. Valoraranse a claridade, a concreción e a innovación da iniciativa, ademais da súa proxección e impacto social, entre outros aspectos. Tamén se terán en conta aquelas medidas destinadas a favorecer a igualdade de xénero na empresa, a inclusión e a conciliación laboral e familiar, así como as medidas que se adopten para acadar os obxectivos de desenvolvemento sostible (ODS) e a dixitalización.

2.3. En todo caso, os proxectos que opten á convocatoria deberán levar, como mínimo, un mes en funcionamento.

Terceira. Educación en valores

3.1. Poderán optar a este premio os centros de educación secundaria da provincia de Pontevedra que presenten proxectos ou iniciativas de educación en valores, executados durante os cursos escolares 2022-2023 ou 2023-2024, nos que participasen alumnas e alumnos de entre 12 e 18 anos, que teñan como finalidade promover a igualdade entre mulleres e homes, fundamentalmente, a través do desenvolvemento de habilidades para a identificación e o rexeitamento aos estereotipos sexistas que contribúen a perpetuar as desigualdades de xénero, ademais de adoptar medidas centradas en previr a violencia de xénero e en resolver os conflitos pacificamente ou en calquera outra temática encamiñada a fomentar valores entre a mocidade, facilitar o seu compromiso social, convivencia e formación, e loitar contra o cambio climático.

3.2. Cada candidatura deberá presentar preceptivamente en soporte USB:

- Proxecto ou obra polo que se opta ao premio
- Memoria descritiva da iniciativa posta en marcha, que terá unha extensión máxima de 5 páxinas a unha soa cara e se axustará, como mínimo, ao seguinte contido:
 - Nome da iniciativa
 - Centro educativo no que se desenvolve
 - Nome das e dos docentes da iniciativa
 - Data de inicio e de finalización da iniciativa
 - Número de alumnas e alumnos implicados
 - Número das e dos docentes implicados
 - Fundamentos e obxectivos da iniciativa
 - Descrición da iniciativa
 - Resultados obtidos
 - Relación das evidencias que se achegan (memoria de execución, fotografías, recortes de prensa ou documentos, entre outros)

3.3. Valoraranse aspectos coma o fomento da tolerancia, o respecto, a non violencia, a educación en valores, a formación e o desenvolvemento en intelixencia emocional, e as habilidades sociais, executadas durante os últimos tres cursos escolares, que teñan como finalidade conseguir a non violencia en todos os ámbitos da vida persoal, familiar e social, ademais de previr o acoso escolar e o ciberacoso.

Tamén se terán en conta a claridade, a concreción e a innovación dos proxectos e traballos presentados, a súa proxección e impacto social, e a participación e implicación activa do alumnado, entre outros aspectos. En liñas xerais, apreciaranse a súa contribución á resolución pacífica de conflitos, a integración social e a prevención da violencia, e a implantación de medidas que difundan os ODS, entre outros.

Cuarta. Investigación

4.1. Poderán presentarse nesta categoría aqueles proxectos de investigación no ámbito das ciencias e humanidades de acordo coas subcategorías sinaladas no apartado 4 da base xeral segunda (ciencias, arquitectura e enxeñería, e artes, humanidades e ciencias sociais e xurídicas) realizados en centros de investigación e/ou universidades galegas.

Poderán ser traballos xa rematados, presentados e publicados (incluídos os de fin de grao e fin de máster), ou proxectos en fase de investigación avanzada que non se presentasen en edicións anteriores.

Cada candidatura deberá presentar preceptivamente en soporte USB:

- Proxecto ou obra polo que se opta ao premio
- Memoria descritiva da iniciativa posta en marcha, que terá unha extensión máxima de 5 páxinas a unha soa cara e se axustará, como mínimo, ao seguinte contido:

- Nome do proxecto de investigación
- Autoría
- Data de inicio e de finalización, se procede
- Dirección electrónica, se estivese publicado
- Data da publicación, se procede
- Obxecto e fundamentos do contido
- Relación das evidencias que se achegan (memoria de execución ou documentos, entre outros)

Valoraranse aspectos coma a innovación, a relevancia científico-tecnolóxica, a súa contribución ao avance do coñecemento no seu campo, a orixinalidade da proposta e os seus aspectos innovadores, así como a vinculación do obxecto desta cos sectores estratéxicos produtivos ou os aspectos de carácter social, humano ou patrimonial de relevancia para a comunidade.

De forma complementaria, teranse en conta a identificación realista dos obxectivos, a claridade e a coherencia das propostas científicas, a metodoloxía de traballo deseñada, o coñecemento das fontes de datos, a verificación da súa fiabilidade e a previsión da difusión dos resultados.

Quinta. Contido audiovisual

Poderán presentarse nesta categoría aqueles proxectos de contido audiovisual de actualización frecuente, participativos e con polo menos dez entradas editadas que promovan a educación en valores, a formación e a transmisión de coñecemento, a difusión de iniciativas de carácter social, cultural ou deportivo e de proxectos e iniciativas de voluntariado a través das novas tecnoloxías, e o impulso de medidas que promovan a igualdade de xénero.

Cada candidatura deberá presentar preceptivamente en soporte USB:

- Proxecto ou obra polo que se opta ao premio
- Memoria descritiva da iniciativa posta en marcha, que terá unha extensión máxima de 5 páxinas a unha soa cara e se axustará, como mínimo, ao seguinte contido:

- Nome do proxecto
- Autoría
- Data de inicio e de creación
- Dirección electrónica do contido (URL)
- Data da primeira publicación
- Número de entradas editadas
- Idioma
- Obxecto e fundamentos do contido
- Descrición dos elementos 2.0 empregados
- Relación das evidencias que se achegan (memoria de execución, fotografías, recortes de prensa ou documentos, entre outros)

Valoraranse aspectos coma a orixinalidade dos temas propostos, a claridade dos contidos e o impacto social, así como a implicación dos proxectos na promoción da igualdade, da educación en valores, da formación, do asesoramento e da realización de actividades de voluntariado, culturais e deportivas dirixidas á xuventude, entre outros; ademais, acreditarase a súa actualización frecuente.

Sexta. Traballo musical

6.1. Música clásica: cada candidatura deberá presentar unha única peza musical, ben sexa só instrumental ou con letra (en calquera idioma), cunha duración mínima dun minuto e máxima de cinco. A composición deberá ser orixinal.

6.2. Outros xéneros: as candidaturas deberán presentar un único tema orixinal, instrumental ou con letra (en calquera idioma), cunha duración mínima dun minuto e máxima de cinco. O tema deberá ser orixinal.

6.3. Se a duración da obra fose superior ao máximo establecido, poderase presentar un fragmento desta, adaptado á duración esixida.

6.4. Cada candidatura deberá presentar preceptivamente en soporte USB:

- Proxecto ou obra polo que se opta ao premio
- Memoria descritiva da iniciativa posta en marcha, que terá unha extensión máxima de 5 páxinas a unha soa cara e se axustará, como mínimo, ao seguinte contido:

- Data de creación da obra
- Dirección electrónica de acceso (URL), no seu caso
- Estilo musical
- Letra (se a tivese)
- Instrumentos musicais empregados
- Descrición da formación e da experiencia musical da persoa solista ou das integrantes do grupo, no seu caso (perfil da persoa ou persoas autoras no que se omita calquera dato ou referencia que permita a súa identificación)
- Relación das evidencias que se achegan (coma a letra do tema, no seu caso)

6.5. Valoraranse, entre outros aspectos, a orixinalidade, a calidade do tema musical e da letra (de ser o caso), o traballo de composición e a calidade da interpretación.

Sétima. Traballo literario

7.1. Narrativa: as candidaturas deberán presentar un relato de temática e estilo libres, en galego ou castelán, que reúna as seguintes características:

- Extensión: un mínimo de 2 e un máximo de 5 páxinas a unha cara en tamaño A4, numeradas.
- Formato: fonte de letra Times New Roman a tamaño 12, con interliñado de 1,5 e marxes de 2 cm (superior, inferior, dereita e esquerda).

7.2. Poesía: as candidaturas deberán presentar unha poesía de temática e estilo libres, en galego ou castelán, que presente as seguintes características:

- Extensión: un mínimo de 2 e un máximo de 5 páxinas a unha cara en tamaño A4, numeradas.
- Formato: fonte de letra Times New Roman a tamaño 12, con interliñado de 1,5 e marxes de 2 cm (superior, inferior, dereita e esquerda).

7.3. Cada candidatura deberá presentar preceptivamente en soporte USB:

O proxecto ou a obra polo que se opta ao premio, que deberá ter un mínimo de 2 e un máximo de 5 páxinas a unha cara en tamaño A4, numeradas. En canto ao formato, a fonte será Times New Roman a tamaño 12, con interliñado de 1,5 e marxes de 2 cm (superior, inferior, dereita e esquerda).

- Memoria descritiva da obra, que terá unha extensión máxima dunha páxina a unha soa cara e, como mínimo, o seguinte contido:

- Data de creación da obra
- Título da obra
- Xénero literario: narrativa ou poesía
- Estilo literario e temática
- Breve xustificación conceptual da obra
- Descrición da formación e da experiencia da persoa autora (perfil dela no que se omita calquera dato ou referencia que permita a súa identificación)
- Relación das evidencias que se achegan.

7.4 Valoraranse, entre outros aspectos, o correcto uso da ortografía, da gramática e das figuras retóricas e literarias, así como a calidade e a orixinalidade da temática.

Oitava. Banda deseñada

8.1. As candidaturas participantes deberán presentar unha obra de temática e estilo libres, con deseños en cor ou en branco e negro, con ou sen textos, en galego ou castelán, que reúna as seguintes características:

- Extensión: un mínimo de 2 e un máximo de 5 páxinas A4, numeradas, con deseños en cor ou en branco e negro.

8.2. Cada candidatura deberá presentar preceptivamente en soporte USB:

- Proxecto ou obra polo que se opta ao premio.
- Memoria descritiva da obra, que terá unha extensión máxima de 1 páxina a unha soa cara e, como mínimo, o seguinte contido:
 - Título da obra
 - Data de creación
 - Idioma
 - Técnicas de deseño empregadas, no seu caso
 - Breve xustificación conceptual da obra (que permita valorar o proceso investigador e creativo de forma obxectiva)
 - Descrición da formación e da experiencia da persoa autora (perfil dela no que se omita calquera dato ou referencia que permita a súa identificación)
 - Relación das evidencias que se achegan

8.3. Valoraranse, entre outros aspectos, a calidade e a orixinalidade da temática e dos deseños, e as técnicas empregadas.

Novena. Fotografía

9.1. Serie fotográfica: as candidaturas deberán presentar un conxunto de fotografías orixinais e inéditas que inclúa un mínimo de tres fotografías e un máximo de dez, relacionadas entre si, de temática libre,

tomadas con cámara dixital ou mediante sistemas tradicionais, ben sexa en cor ou en branco e negro; está permitido empregar calquera técnica fotográfica.

9.2. Fotografía orixinal: as candidaturas deberán presentar unha fotografía orixinal e inédita de temática libre, tomada con cámara dixital ou mediante sistemas tradicionais, ben sexa en cor ou en branco e negro; está permitido empregar calquera técnica fotográfica.

9.3. As candidaturas deberán presentar as obras obrigatoriamente en soporte USB e estas axustaranse ao indicado a continuación:

- O tamaño da fotografía ou fotografías será de 15 x 20 cm (o orixinal pode ter outras medidas)
- Non se admitirán composicións fotográficas nin montaxes

Os soportes USB levarán rotulado no exterior unicamente o nome da fotografía. Non se admitirán as que conteñan **formato EXIF (Exchangeable Image File Format)**, un arquivo de imaxe intercambiable.

9.4. Non se admitirán as fotografías tomadas con dispositivos móbiles.

9.5. Cada candidatura deberá presentar obrigatoriamente en soporte USB unha memoria descritiva (máximo de 2 páxinas a unha cara), que se axustará, como mínimo, ao contido que se indica a continuación:

- Título da obra
- Relación numerada de fotografías, no seu caso
- Data de realización
- Técnica e equipamento fotográfico empregados
- Dimensións orixinais
- Descrición da formación e da experiencia da persoa autora (perfil dela no que se omita calquera dato ou referencia que permita a súa identificación)
- Xustificación conceptual da obra (que permita valorar o proceso investigador e creativo de forma obxectiva)
- Outros aspectos técnicos que a autora ou autor considere relevantes
- Relación das evidencias que se achegan

Décima. Deseño e moda

10.1. As candidaturas deberán presentar un proxecto orixinal e inédito de deseño de artesanía, xoyería, téxtil e complementos de moda ou similar.

10.2. Cada candidatura deberá presentar preceptivamente en soporte USB:

- Proxecto ou obra polo que se opta ao premio, que se axustará aos seguintes criterios

- Proxectos de deseño orixinais dun único elemento ou dunha colección de elementos, ata un máximo de cinco, relacionados entre si.
 - Deben conter bosquejos dos deseños orixinais e, no seu caso, fotografías do elemento ou dos elementos resultantes, que se presentarán en formato de imaxe (JPG, PNG etc.)
- Memoria descritiva da obra, que terá unha extensión máxima de 2 páxinas a unha soa cara e deberá axustarse, como mínimo, ao seguinte contido:
- Título do proxecto de deseño, no que se indique o nome do elemento ou da colección, no seu caso
 - Relación numerada de bosquejos e fotografías que conforman o proxecto, no seu caso
 - Data de realización
 - Descrición do proxecto: estilo, influencias e resultados, no seu caso (que permita valorar o proceso investigador e creativo de forma obxectiva)
 - Técnicas e equipamento empregados
 - Descrición da formación e da experiencia da persoa autora (perfil dela no que se omita calquera dato ou referencia que permita a súa identificación)
 - Relación das evidencias que se achegan

10.3 Valoraranse, entre outros aspectos, a calidade e a orixinalidade da temática e dos deseños, e as técnicas empregadas.

Décimo primeira. Reacción polo clima

11.1. As candidaturas participantes deberán presentar un proxecto, orixinal e inédito, que teña por finalidade concienciar sobre a situación do planeta, difundir os ODS, promover a loita contra o cambio climático e propoñer actuacións para combater a contaminación, entre outros aspectos, e así potenciar o talento da mocidade e mostrar as súas reivindicacións neste ámbito.

11.2. Os proxectos deberán presentarse en formato audiovisual; admitirase calquera tipoloxía empregada pola xuventude nas redes sociais ou en medios de difusión de natureza similar (por exemplo, Instagram, TikTok, YouTube etc.). A duración máxima do vídeo será de dous minutos e medio.

11.3. Cada candidatura deberá presentar preceptivamente en soporte USB:

- Proxecto ou obra polo que se opta ao premio.
- Memoria descritiva da obra, que terá unha extensión máxima de 2 páxinas a unha soa cara e deberá axustarse, como mínimo, ao seguinte contido:
 - Nome do proxecto
 - Autoría
 - Data de creación
 - Dirección electrónica do contido (URL)
 - Idioma

- Obxecto e fundamentos do contido
- Breve xustificación conceptual da obra (que permita valorar o proceso investigador e creativo de forma obxectiva)
- Relación das evidencias que se achegan (memoria de execución, fotografías, recortes de prensa, documentos ou soportes USB, entre outros)

11.4. Valoraranse aspectos coma a orixinalidade, a claridade dos contidos, o impacto social e a implicación dos proxectos na promoción da educación en valores, da formación, do asesoramento e da realización de actividades de voluntariado.

Asinado dixitalmente na data que figura na marxe